

ARRHYTHMIA

- I -

Arrhythmia lanza *mes/As*, o terceiro avance do seu novo EP, *CERO*, que verá a luz o 12 de marzo de 2026

O novo sinxelo da banda alternativa galega, "unha crítica aos gurús de Internet que tratan de guionizar as nosas vidas", poderá escoitarse desde a noite deste xoves, 22 de xaneiro, en todas as plataformas dixitais: <https://orcd.co/arrhythmiamesiass>

mes/As experimenta cos ritmos máis bailables da música electrónica, mesturados co son habitual de Arrhythmia, que bebe do metal, o rock e o rap, en galego e sen filtros, a golpe de forza e detalle



Co título *mes/As*, Arrhythmia presenta o terceiro adianto do seu próximo EP, *CERO*, que verá a luz en marzo © Candela Lora


Galicia, 22 de xaneiro de 2026.- "O noso novo tema é unha crítica aos gurús de Internet que tratan de guionizar as nosas vidas e tamén é un xeito divertido de dicirlles que nos deixen en paz". Sen perder un ápice da súa esencia directa, fresca e combativa, Alberto Busco fala do novo adianto da súa banda Arrhythmia. Con *mes/As* (Galunk Produccións, 2026), a *troupe* galega xoga e "experimenta cos ritmos máis bailables da música electrónica, mesturados co noso son habitual". Este novo sinxelo poderá escoitarse, desde a noite deste xoves, 22 de xaneiro, en todas as plataformas dixitais: <https://orcd.co/arrhythmiamesiass>.

ARRHYTHMIA

- I -

O tema ven acompañado dun *oneshoot* que poderá verse contra este mediodía nas redes sociais e na canle oficial de YouTube da banda, <https://www.youtube.com/@osarrhythmia>:

<https://www.youtube.com/watch?v=IYRYsTyA4ik&feature=youtu.be>



O SILENCIO FOI SÓ UN PRELUDIO... DE 'CERO', O PRÓXIMO EP DE ARRHYTHMIA

Durante un tempo, o escenario gardou silencio, pero a banda lucense non. Arrhythmia pasou o último ano pechada no estudo, construíndo un novo capítulo con calma, forza e claridade de ideas. Lonxe de desaparecer, decidiron parar o ruído exterior para escoitarse a si mesmos.

O resultado: esta nova etapa da *troupe* alternativa galega que mantén a enerxía e o discurso que sempre a definiu, pero cun son máis afinado e unha identidade aínda máis sólida. A evolución verase reflectida nun novo EP, do que xa se coñece o título, *CERO*, e que verá a luz o día 12 de marzo de 2026.

Amnesia (Galunk Producións, 2025) foi o primeiro adianto deste novo traballo, publicado o pasado mes de abril de 2025, e que confirmou o que moitos intuían: Arrhythmia segue a ser unha das propostas máis singulares e queridas da escena alternativa galega.

Xa en novembro de 2025, a banda presentou o segundo sinxelo deste novo EP, baixo o título *Insaciables*, en colaboración co grupo de rap galego Rebeliom do Inframundo.

ARRHYTHMIA

- I -

Agora, chega o terceiro adianto de *CERO: mes/As* (Galunk Producións, 2026), dispoñible para a súa escoita desde a noite deste xoves 22 de xaneiro nas plataformas dixitais: <https://orcd.co/arrhythmiamesiass>.

Con este novo lanzamento, Arrhythmia amosa de novo que non volve, porque en realidade nunca marchou; simplemente, estaba collendo aire para volver golpear con máis forza.

ARRHYTHMIA, CANDO O RUIDO É UNHA LINGUAXE QUE LLE DA SENTIDO AO CAOS

Desde Lugo, Arrhythmia leva anos convertendo o ruído en linguaxe. A súa música nace da fricción entre mundos: o metal e a electrónica, o rap e o rock, a forza e o detalle.

En galego e sen filtros, constrúen cancións que son descarga e reflexión ao mesmo tempo, espello dunha xeración que pensa e latexa a outro ritmo. Recoñecidos con dous Premios Martín Códax da Música –en 2018 á mellor banda de metal galego e, en 2023, como mellor banda heavy e metal–, foron quen de erguer un son propio, ás veces brutal, ás veces hipnótico, e sempre honesto.

O seu LP *I* (2022), financiado grazas ao apoio directo da súa comunidade, marcou un punto de inflexión: unha declaración de independencia estética e emocional. Antes publicaran o LP *II* (2016) e o EP *III* (2012). Hoxe, Arrhythmia non busca agradar: busca conmover. E iso, no fondo, é o que sempre fixeron: poñerlle alma á distorsión e sentido ao caos.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira y Pilar González

Tel. 620 113 155 | 627 094 931

luisa@theofficeco.es | pilar@theofficeco.es

BOOKING ARRHYTHMIA

Galunk Producións

lora@galunk.com | 722 85 59 90

carles@galunk.com | 722 85 61 06

KIT DE PRENSA ARRHYTHMIA

<https://cutt.ly/PRESS-KIT-Arrhythmia>

LIGAZÓN DE PRE-ESCOITA DO NOVO SINXELO 'mes/As'

<https://promo.theorchard.com/8i8kHJBweIPJVz8Mu03s>

LIGAZÓN DE PRE-GARDA DO NOVO SINXELO 'mes/As'

<https://orcd.co/arrhythmiamesiass>